



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 3 DE NOVEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)
Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)
María Regenjo Vázquez (GPM PP)
Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)
Ramón García Conde (GPM PP)
Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)
Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)
Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Amador Tumes Núñez (GPM BNG)

Secretaría-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de **Lousame** (A Coruña), sendo as **09:00 horas** do día 3 de **NOVEMBRO** de 2017, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA**, previamente convocada, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaría-Interventora do Concello, en réxime de acumulación, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do núm. legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

1. Toma de posesión de Xosé Tubío Rodríguez.
2. Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Aprobación do Plan Complementario da Excm. Deputación da Coruña.

1) TOMA DE POSESIÓN DE XOSÉ TUBÍO RODRÍGUEZ.

A Alcaldía explica que como o concelleiro electo non acudiu á sesión plenaria para a súa toma de posesión, non se pode levar a cabo.

2) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

A Alcaldesa comenta que os membros do Pleno Corporativo tiveron xa ocasión de estudar a modificación que se pretende acometer na documentación publicada no portal web do Concello de Lousame e tamén na documentación do pleno que se remitiu a tódolos concelleiros ao seu domicilio. A proposta que se pretende someter a aprobación do pleno corporativo é a seguinte:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.


D^a María Teresa Villaverde Pais, como alcaldesa do concello de Lousame somete a consideración do Pleno do Concello a presente memoria xustificativa sobre a necesidade da modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmobles.

O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), determina as fontes de financiamento dos concellos que teñen carácter obrigatorio e teñen que exixirse en cada Entidade Local (artigo 59.1 TRLFL)

A subsección 2^a da Sección 3^a do Capítulo II do Título II do mencionado Texto Refundido (artigos 60 a 77) regula o Imposto de Bens Inmobles.

O artigo 15.2 do TRLFL referido aos impostos sinalados no artigo 59.1 establece que se deberán aprobar as oportunas ordenanzas fiscales, e o artigo 16.2 dispón que as ordenanzas fiscales a que se refire o apartado 2 do artigo 16 conterán, ademais dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias dos respectivos impostos, a data de aprobación e comezo da súa aplicación, sinalando no seu último párrafo que os acordos de modificación de ditas ordenanzas se axustarán ao disposto no último párrafo do apartado anterior, isto é: *“os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación”*

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A actual ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do concello de Lousame é aplicable dende o primeiro de xaneiro de dous mil tres, e foi redactada e aprobada estando vixente na aquela data a Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que veu modificar as Leis 39/1988 e 51/2002.

Dado o tempo transcurrido dende a aprobación da ordenanza fiscal reguladora sobre o Imposto de Bens Inmóbles e a variación lexislativa acaecida dende entón, a xuízo da Alcaldía que subscribe, faise necesaria unha modificación da ordenanza para adaptala ao novo marco normativo e a realidade dos tempos actuais.

Por todo elo, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** que, previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda á adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles que a continuación se transcribe, ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 50.3 e 50.11 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

<<ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Artigo 1.

De conformidade co establecido nos artigos 2.1.b), 15.2, 59.1.a) e 60 a 77 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) o Concello de Lousame esixe e regula o Imposto sobre Bens Inmóbles a través desta ordenanza fiscal.

Artigo 2.

Para os efectos deste imposto, e de conformidade co artigo 61.3 do TRLRFL terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 3.

Non estarán suxeitos a este imposto os inmóbles definidos e relacionados no artigo 61.5 do TRLRFL.

Estarán exentos deste imposto os inmóbles definidos e relacionados no artigo 62 do TRLRFL.

Artigo 4.

Tipos de gravame aplicables.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 4.1. O tipo de gravame aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no cero coma cincuenta por cento (0,50%).
- 4.2. O tipo de gravame aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no cero coma cuarenta e cinco por cento (0,45%).
- 4.3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais establécese no un coma tres por cento (1,3%).

Artigo 5.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame que corresponda, segundo se establece no artigo 4 anterior. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.

Artigo 6.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do TRLRFL, gozarán de exención:

- 6.1. Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 2,75 euros.
- 6.2. Os bens inmobles de natureza rústica, agrupados nun único documento de cobro en aplicación do disposto no artigo 77.2 da citada Lei, que teñan unha cota líquida inferior a 2,60 euros.

Artigo 7.

7.1. En base ó disposto no artigo 74.4 da citada Lei, gozarán dunha **bonificación do noventa por cento (90%) da cota íntegra, os suxeitos pasivos titulares de familia numerosa**, sempre que os bens inmobles, urbanos ou rústicos, sexan da súa titularidade.

A bonificación prevista neste artigo **ten carácter rogado**, deberá xustificarse con título de familia numerosa ou calquera outro documento emitido por organismo oficial; terá unha duración condicionada á vixencia do título de familia numerosa e será compatible con tódolos beneficios fiscais previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

7.2. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.
- b) Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03/11/2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

7.3. As bonificacións serán aprobadas, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local previo informe técnico.

Artigo 8.

En canto ó non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán e serán de aplicación os preceptos contidos no citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, lexislación complementaria e concordante, así coma as disposicións de desenvolvemento destas.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación con efectos dende o día 01.01.2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

SEGUNDO.- Someter a información pública o acordo de aprobación inicial polo prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de referencia, a través de anuncio inxerido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamación e suxestión que consideren oportunas, dando así cumprimento ao previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

TERCEIRO.- Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, que entrará en vigor o día da súa publicación.

CUARTO.- Facultar á alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Así o propoño ao Pleno do Concello, Lousame 19 de outubro de 2017.

A Alcaldesa.

Asdo.- M^a Teresa Villaverde Pais.

.....

A Alcaldesa apertura a quenda de intervencións.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981.62.04.94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Julio D. M. Paradela Busto toma a palabra e considera que esta proposta de modificación non reflicte a moción que foi aprobada no Pleno Corporativo por unanimidade. E ademais só beneficia ao cero coma un por cen da poboación de Lousame. En canto ás bonificacións existen moitas instalacións que non poden ter a consideración de explotacións agrarias. Esas explotacións antes non tributaban e agora pasan a tributar. O espírito daquela moción non se reflicte nesta proposta de modificación e gustaríalle saber por que o equipo de goberno tomou esta decisión.


A Alcaldesa pídelle ao voceiro do GPM do PSdG-PSOE que recorde a quen ía dirixida aquela moción. Ía dirixida a quen ten competencias para modificar a lei reguladora do Imposto de Bens Inmóveis. O Concello de Lousame non ten competencias nesta materia. Se o Sr. Paradela Busto se está referindo a un pequeno galiñeiro para abastecemento familiar, loxicamente non entrará dentro da bonificación do IBI. Pero non entrará non porque non o queira o Concello de Lousame, senón porque non o permite a lei reguladora deste imposto. Tamén quere recordar que estes pequenos alpendres tampouco son obxecto de revisión catastral. Si que foron obxecto de revisión catastral naves anexas a vivendas, ou garaxes que non estaban dados de alta no catastro inmobiliario. Pero estas labores de revisión catastral non son competencia nin desta alcaldesa, nin de ningún alcalde sexa do PSOE ou do BNG. Realmente, a Alcaldesa non entende o que quere dicir o Sr. Paradela Busto. Nun determinado momento vostede manifestou un malestar por deixar de pagar impostos nalgunhas actividades económicas, e agora parece que non está de acordo en que se inclúan beneficios fiscais. Non comprende a súa postura.

A Alcaldesa quere deixar claro que o equipo de goberno non ten potestade para cambiar a Lei. E estase dando información enganosa aos veciños cando se lles di que o Concello é o responsable de que se fagan esas revisións. Estas revisións hai que facelas. Algúns concellos xa as fixeron incluso antes das actuais eleccións municipais. Pero todos os Concellos deben ser obxecto da revisión do catastro inmobiliario. E estáselle dicindo aos veciños que non paguen nada, que iso é cousa do Concello.

O equipo de goberno pode apoiar propostas dirixidas a que se modifique a lei reguladora do imposto, pero o que non pode facer o equipo de goberno e saltarse a lei ou modificala. Con estas bonificacións estamos a facer política: por unha banda beneficiáse ás familias numerosas que poida haber en Lousame e por outra banda beneficiáse ás actividades económicas do sector primario que poida haber no Concello. O que non comprende é porque antes de que esta proposta viñese ao Pleno o GPM do PSOE estaba de acordo, e agora que a trae o GPM do PP, parécelle mal.

D. Julio M. D. Paradela Busto explica que cando el empezou coa súa actividade profesional pagaba o IAE, e posteriormente por unha reforma, deixou de pagar ese imposto. Quere aclarar que o GPM do PSOE non lle di aos veciños que deixen de pagar, o que lles di é que se queren reclamar teñen que pagar. Quere deixar esta cuestión ben clara. Consideran que antes había pequenos inmobles que non tributaban, e agora, por potestade do Concello eses inmobles pasan a tributar.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa replica que iso é absolutamente falso, que é unha mentira.

D. Julio M. D. Paradela Busto pidelle que o demostre pero con papeis.

A Alcaldesa invítalo a acudir a unha reunión a vindeira semana coa Xerencia do Catastro na Coruña, para que lle expliquen ao Sr. Paradela Busto quen é o competente nesta materia. O Sr. Paradela Busto acaba de dicir unha mentira absoluta. O catastro fai a revisión catastral porque é a súa competencia. Para o único para o que se dirixe ao Concello é para solicitar os proxectos das vivendas de nova construción que puideran atopar é que aínda non estaban dadas de alta no catastro.

D. Julio M. D. Paradela Busto recrimínalle á Alcaldesa que esa información xa a tiña que aportar directamente o Concello ao Catastro Inmobiliario.

A Alcaldesa considera que non se pode dicir unha cousa e máis a contraria. Non sabe o que preferirán os veciños. Se estar 10 anos sen dar de alta unha construción e pagar xuntos catro anos de atrasos; ou pagar dende o primeiro día do primeiro deses 10 anos. Pídelles ao Sr. Paradela Busto que non utilice a demagogia e non minta dicindo que o Concello é que ten a competencia de dicir que construcións se dan de alta no catastro inmobiliario.

D. Julio M. D. Paradela Busto considera que non minte; xa que logo esas construcións ante non tributaban e agora si o van facer. E logo o Sr. Feijóo di que no rural quere impostos cero. O Concello de Lousame é un concello rural e moitas familias tamén practican o autoconsumo; e o que non se pode facer é gravar iso. Porque a pouca xente que queda vaise ir do Concello.

A Alcaldesa repite que isto non é unha competencia do Concello de Lousame. Existe unha normativa a nivel estatal, que pode gustar máis ou menos, pero está aprobada e hai que aplicala. Só se poden incluír as bonificacións que permite a propia lei. Unhas son obrigatorias e outras son potestativas. E potestativamente hoxe, mediante a aprobación desta modificación da ordenanza, imos aplicar dúas desas bonificacións. Á Alcaldesa gústalle cumprir a Lei porque estamos nun estado democrático. E se as leis non gustan haberá que modificalas. Pero mentres tanto, hai que cumprilas.


E por último, xa que o Sr. Paradela Busto sacou o tema, o que o Sr. Feijóo fixo foi suprimir o imposto de transmisións patrimoniais porque había moitas herdanzas que os herdeiros non podían asumir porque o custo do imposto era importante. Para evitar esta situación, aprobou exencións do imposto, para permitir aos herdeiros poder coller o patrimonio que recibían en herdanza.

Rematada a quenda de intervencións sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por **seis (6) votos a favor** (dos 6 concelleiros do GPM do PP) e **tres (3) abstencións** (dos 3 concelleiros do GPM do PSdG-PSOE), sendo

7

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte **ACORDO**:

<<O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), determina as fontes de financiamento dos concellos que teñen carácter obrigatorio e teñen que esixirse en cada Entidade Local (artigo 59.1 TRLFL)

A subsección 2ª da Sección 3ª do Capítulo II do Título II do mencionado Texto Refundido (artigos 60 a 77) regula o Imposto de Bens Inmóbles.

O artigo 15.2 do TRLFL referido aos impostos sinalados no artigo 59.1 establece que se deberán aprobar as oportunas ordenanzas fiscais, e o artigo 16.2 dispón que as ordenanzas fiscais a que se refire o apartado 2 do artigo 16 conterán, ademais dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias dos respectivos impostos, a data de aprobación e comezo da súa aplicación, sinalando no seu último párrafo que os acordos de modificación de ditas ordenanzas se axustarán ao disposto no último párrafo do apartado anterior, isto é: "*os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación*"

A actual ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do concello de Lousame é aplicable dende o primeiro de xaneiro de dous mil tres, e foi redactada e aprobada estando vixente naquela data a Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo aprobouse o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que veu modificar as Leis 39/1988 e 51/2002.

Dado o tempo transcurrido dende a aprobación da ordenanza fiscal reguladora sobre o Imposto de Bens Inmóbles e a variación lexislativa acaecida dende entón, faise necesaria unha modificación da ordenanza para adaptala ao novo marco normativo e a realidade dos tempos actuais.

Por todo isto, o Pleno Corporativo adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles que a continuación se transcribe, ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 50.3 e 50.11 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.


<<ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES (IBI)

Artigo 1.

De conformidade co establecido nos artigos 2.1.b), 15.2, 59.1.a) e 60 a 77 do Real

8

Acta do Pleno do Concello de Lousame,
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) o Concello de Lousame esixe e regula o Imposto sobre Bens Inmóveis a través desta ordenanza fiscal.

Artigo 2.

Para os efectos deste imposto, e de conformidade co artigo 61.3 do TRLRFL terán a consideración de bens inmóveis rústicos, de bens inmóveis urbanos e de bens inmóveis de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 3.

Non estarán suxeitos a este imposto os inmóveis definidos e relacionados no artigo 61.5 do TRLRFL.

Estarán exentos deste imposto os inmóveis definidos e relacionados no artigo 62 do TRLRFL.

Artigo 4.

Tipos de gravame aplicables.

4.1. O tipo de gravame aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no cero coma cincuenta por cento (0,50%).

4.2. O tipo de gravame aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no cero coma corenta e cinco por cento (0,45%).

4.3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmóveis de características especiais establécese no un coma tres por cento (1,3%).

Artigo 5.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame que corresponda, segundo se establece no artigo 4 anterior. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.

Artigo 6.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do TRLRFL, gozarán de exención:

6.1. Os bens inmóveis de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 2,75 euros.

6.2. Os bens inmóveis de natureza rústica, agrupados nun único documento de cobro en aplicación do disposto no artigo 77.2 da citada Lei, que teñan unha cota líquida inferior a 2,60 euros.

Artigo 7.

7.1. En base ó disposto no artigo 74.4 da citada Lei, gozarán dunha **bonificación do noventa por cento (90%) da cota íntegra, os suxeitos pasivos titulares de familia numerosa**, sempre que os bens inmóveis, urbanos ou rústicos, sexan da súa titularidade. A bonificación prevista neste artigo **ten carácter rogado**, deberá xustificarse con **título de familia numerosa** ou calquera outro documento emitido por organismo oficial; **terá unha duración condicionada á vixencia do título de familia numerosa e será compatible con**

9

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

tódolos beneficios fiscais previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

7.2. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.
 - b) Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
 - c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
 - d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.
- O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

7.3. As bonificacións serán aprobadas, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local previo informe técnico.

Artigo 8.

En canto ó non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán e serán de aplicación os preceptos contidos no citado Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, lexislación complementaria e concordante, así coma as disposicións de desenvolvemento destas.

Disposición Final.


A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación con efectos dende o día 01.01.2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

SEGUNDO.- Someter a información pública o acordo de aprobación inicial polo prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de referencia, a través de anuncio Inxerido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamación e suxestión que consideren oportunas, dando así cumprimento ao previsto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

TERCEIRO.- Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín

10

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodeLousame.com
concellodeLousame@concellodeLousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Oficial da Provincia de A Coruña, que entrará en vigor o día da súa publicación.

CUARTO.- Facultar á alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo>>

3) APROBACIÓN DO PLAN COMPLEMENTARIO DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

A Alcaldesa explica a proposta de acordo que somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se inxire:

.....
PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO CORPORATIVO, SEGUNDO O MODELO FACILITADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL:

Visto o no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña, este Pleno Corporativo ACORDA:

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento do pago a provedores:

(Só para o caso de concellos que non presentaron solcitude na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)


	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores			0,00
Subtotal pago a provedores			0,00

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)

Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan	Financiamento dos investimentos

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO CROÍDO-SEOANE (LOUSAME) E OUTRO		132.112,32	0,00	132.112,32
Subtotal investimentos financeiramente sostibbles		132.112,32	0,00	132.112,32

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2017 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN	0,00		0,00
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN	132.112,32	0,00	132.112,32
SUBTOTAL	132.112,32	0,00	132.112,32
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN	0,00		0,00
TOTAL	132.112,32	0,00	132.112,32

Segundo: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.


Tercero: Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a Incluir no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

Cuarto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Acta do Pleno do Concello de Lousame
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.

12





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelouseme.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504800-c

Sexto: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Lousame, a 27 de outubro de 2017
A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

.....
A Alcaldesa explica que cando se solicitou o Pos +, en febreiro de 2017, incluíronse dous investimentos por un total de 215.717,87 €. Finalmente a cantidade que lle correspondeu a Lousame foi de 132.112,32 €. Isto implicou que tivemos que coller un dos anteriores proxectos e readaptalo para agora poder aprobar e incluír no Plan Complementario.

Tamén quere trasladar a tódolos membros unha corrección de erros na documentación no seu momento entregada no Pleno, relativa á comparación dos investimentos da Deputación en Lousame no ano 2016 e no ano 2017. Xa no seu momento dixo que ao final do exercicio, cando estivesen todas as subvencións concedidas pola Deputación daríase conta para ver a comparativa final entre o exercicio 2016 e 2017.


A Alcaldesa está sempre conforme cos investimentos que fan as diferentes Administracións en Lousame. Se nos dan menos que o ano pasado, protestará. Se nos dan igual ou máis amosará a súa satisfacción. A día de hoxe hai un déficit de 28.913,28 €. Pero é certo que nos acaban de comunicar a concesión dunha subvención para a contratación dun técnico de turismo, que pode supoñer un custo de 7.000 €. Polo que ao fin de ano esa diferenza estaría nun déficit de 21.000,00 € entre o 2017 e o 2016.

O Plan Único ten cuestións que a todos nos agrada, porque están os investimentos unificados e porque supón un aporte de liquidez importante para os pequenos Concellos. A parte negativa é que se resolveu moi tarde. Este Plan Complementario estámo-lo aprobando en novembro, e as obras as teremos que executar no inverno. O desexable é que resolva moito antes, para executar as obras na tempada estival.

Pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervención, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por **seis (6) votos a favor** (dos 6 concelleiros do GPM do PP) e **tres (3) abstencións** (dos 3 concelleiros do GPM do PSdG-PSOE), **sendo once (11) o seu número legal de membros**, e polo tanto co quórum da **maioría absoluta**, adopta o seguinte **ACORDO**:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<< Visto o no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento do pago a provedores:

(Só para o caso de concellos que non presentaron solicitude na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores			0,00
Subtotal pago a provedores			0,00

B) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostíbles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:

(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)


Investimentos financeiramente sostíbles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan		Financiamento dos investimentos		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO CROÍDO-SEOANE (LOUSAME) E OUTRO		132.112,32	0,00	132.112,32
Subtotal investimentos financeiramente sostíbles		132.112,32	0,00	132.112,32

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2017 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN	0,00		0,00

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN	132.112,32	0,00	132.112,32
SUBTOTAL	132.112,32	0,00	132.112,32
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN	0,00		0,00
TOTAL	132.112,32	0,00	132.112,32

Segundo: Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro: Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.


Cuarto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sexto: Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria do día 03.11.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás nove horas e trinta minutos (09:30 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais



A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

